

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0268	Confección á medida	2023/2024	12	209	250

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	TANIA YOLANDA NICOLÁS GALLEGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Decreto 72/2010 Técnico en confección e moda

O título de técnico en confección e moda identifícase polos seguintes elementos:

Denominación: confección e moda.

Nivel: formación profesional de grao medio.

Duración: 2.000 horas.

Familia profesional: téxtil, confección e pel.

Referente europeo: CINE 3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

O perfil profesional do título de técnico en confección e moda determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en confeccionar á medida e industrialmente pezas, complementos e outros artigos téxtiles e de pel, conforme especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

- a) Determinar os procesos de confección, con interpretación da información técnica.
- b) Preparar as máquinas, os equipamentos e os materiais que interveñen na confección, consonte as características do produto que haxa que obter.
- c) Cortar tecidos, peles e outros materiais téxtiles a partir de patrón, para obter pezas coa calidade requirida.
- d) Ensambalar pezas de artigos téxtiles e de pel, actuando baixo normas de competencia técnica, e de seguridade laboral e ambiental.
- e) Realizar o remate de pezas e complementos téxtiles e de pel, aegurando a calidade do produto final.
- f) Elaborar patróns para confección á medida de artigos de vestir, adaptándoos ao modelo.
- g) Atender a clientela nos servizos de realización de vestiario á medida, informa-la e, de ser o caso, resolver os problemas formulados no marco das responsabilidades asignadas.
- h) Realizar o mantemento de primeiro nivel en máquinas e equipamentos de confección, de acordo coa ficha de mantemento.
- i) Cumprir cos obxectivos da produción colaborando co equipo de traballo, conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- j) Resolver as incidencias relativas á propia actividade e identificar as súas causas, con responsabilidade á hora de tomar decisións.
- k) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- l) Aplicar procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido nos procesos de confección.
- m) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- n) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- o) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.



Cualificacións profesionais completas incluídas no título:

a) Corte de materiais, TCP071\_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, e Real decreto 1199/2007, do 14 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0195\_2: Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0198\_2: Cortar tecidos e laminados.

UC0199\_2: Cortar peles e coiros.

b) Ensamblaxe de materiais, TCP070\_2 (Real decreto 295/2004, do 20 febreiro, e Real decreto 1199/2007, do 14 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0195\_2: Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0196\_2: Ensamblar pezas de tecidos e laminados.

UC0197\_2: Ensamblar pezas de peles e coiros.

c) Acabamentos de confección, TCP142\_2 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0195\_2: Recoñecer materias primas e produtos de confección, calzado e marroquinaría.

UC0448\_2: Realizar o remate de pezas e complementos en téxtil e pel.

UC0449\_2: Realizar acabamentos especiais de artigos e pezas.

d) Confección de vestuario á medida en téxtil e pel, TCP391\_2 (Real decreto 329/2008, do 29 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC1225\_1: Preparar materiais, ferramentas, máquinas e equipamentos de confección

UC1234\_2: Realizar o corte e a ensamblaxe á man na confección á medida.

UC1235\_2: Realizar a ensamblaxe a máquina na confección á medida.

UC1236\_2: Realizar o remate de pezas e artigos en confección á medida.

UC1237\_2: Atender a clientela nos servizos de realización de vestuario á medida.

Artigo 7. Contorno profesional.

1. Este profesional exerce a súa actividade en establecementos e industrias de confección e moda dedicados á preparación e o corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel e artigos téxtiles para o fogar, usos industriais e deportivos. De igual modo, pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á realización de vestuario á medida.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Confeccionista.



- Axudante de xastraría e modistaría.
- Especialista en confección.
- Oficial de confección.
- Cortador/ora de pezas e artigos téxtiles.
- Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar.
- Cosedor/ora ensamblador/ora.
- Marcador/ora cortador/ora de pezas e artigos en téxtil e pel.
- Pasador/ora acabador/ora.
- Operador/ora de máquinas de remate.

Artigo 8. Prospectiva do título no sector ou nos sectores.

1. O sector produtivo en que se sitúa o perfil profesional do técnico en confección e moda manterá a súa relevancia no conxunto da industria española, aínda que para iso debe culminar a súa adaptación cara a unha dimensión máis axustada, conseguir unha maior competitividade en produtos de calidade, no deseño, na innovación en produtos, en procesos e en sistemas organizativos, así como a internacionalización, tanto da demanda como dos provedores, e dalgunhas etapas da cadea produtiva. En concreto, as actividades deste profesional evolucionan cara a un incremento da polivalencia e da toma de decisións, podendo participar máis activamente nas funcións de planificación e xestión da calidade.
2. O novo sistema de produción chamado de manufactura flexible (SMF) estase a implantar hoxe en día en empresas de confección para a realización de pequenas series e para unha grande diversidade de produtos. Este sistema adáptase mellor á realidade actual do mercado, xa que posibilita a redución de existencias de proceso e mellora a produtividade, a través dunha planificación e dunha xestión continua da produción. As empresas que o utilizan xeran ordes de traballo para pequenas cantidades de artigos con grande variación de modelos, talles, tecidos e cores.
3. O progresivo cambio nos métodos de produción ha concentrar nun mesmo operario un maior número de actividades ou funcións produtivas, chegando nalgúns casos a ensamblar pezas na súa totalidade. Así mesmo, asumirá funcións de verificación de parámetros de produto en liña de produción, o que ha esixir da persoa a identificación, a análise e a resolución de problemas relativos ao seu propio traballo.
4. A evolución tecnolóxica estase a consolidar cara á incorporación xeneralizada de novas técnicas de fabricación que han esixir a integración entre as fases de deseño e produción mediante a aplicación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación. En concreto, este proceso de integración implicará o deseño mediante a xeración de modelos virtuais e a automatización dos procesos de produción.
5. O constante crecemento da industria da moda, asociado a unha grande demanda por parte do usuario, introduce cambios que necesitan unha formación axeitada en actividades de confección á medida para mellorar a atención á persoa usuaria e ofrecerlles maiores posibilidades comerciais aos establecementos
6. A práctica totalidade das empresas do sector estarán nun futuro próximo informatizadas, e hoxe apréciase un investimento crecente en novas tecnoloxías, que vai esixir a formación axeitada do persoal nestes campos.
7. No horizonte dos próximos anos, as empresas do sector hanse ver obrigadas a empregar tecnoloxías de fabricación que non danen o medio e que sexan sustentables a longo prazo.

Artigo 9. Obxectivos xerais.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Analizar as fases do proceso da confección en relación coas características



do produto final, para determinar as operacións que se deban executar.

- b) Seleccionar útiles, ferramentas e accesorios, analizando o proceso de confección e as indicacións da ficha técnica do produto, para preparar as máquinas, os equipamentos e os materiais.
- c) Identificar as propiedades e as características máis salientables das materias téxtiles, as peles e os coiros, e describir as súas aplicacións e os criterios de utilización, para obter a calidade desexada.
- d) Determinar o rendemento da marcame analizando a distribución dos patróns, para mellorar o corte de tecidos, peles e outros materiais.
- e) Caracterizar o proceso de corte analizando os parámetros de corte, para cortar tecidos, peles e outros materiais.
- f) Analizar os procesos de ensamblaxe e identificar os procedementos e os materiais de unión, para ensamblar pezas de artigos téxtiles e de pel.
- g) Analizar as técnicas de remate en relación coas características do produto, para realizar o remate de pezas e complementos en téxtil e pel.
- h) Identificar as técnicas de elaboración de patróns e prototipos, e analizar as características do modelo, para a confección á medida de pezas e artigos de vestir.
- i) Identificar as técnicas de comunicación e de xestión de reclamacións en relación coa tipoloxía da clientela, para a súa atención nos servizos de realización de vestuario á medida.
- j) Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipamentos, e xustificar a súa importancia, para asegurar a súa funcionalidade.
- k) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo e identificar a súa achega ao proceso global, para conseguir os obxectivos da produción.
- l) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as súas causas e describir as accións correctoras para resolver as incidencias asociadas á súa actividade profesional.
- m) Identificar os cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e laborais na actividade propia, e analizar as súas implicacións no ámbito de traballo, para adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais.
- n) Describir as normas de calidade e as medidas de protección ambiental e de prevención de riscos laborais, con identificación da normativa aplicable aos procedementos de traballo, para asegurar a calidade e o cumprimento de normas e medidas de protección ambiental.
- o) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- p) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral, para xestionar a súa carreira profesional.
- q) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando deman-

das do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.

#### Artigo 10. Módulos profesionais.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, que se desenvolven no anexo I do presente decreto, son os que se relacionan deseguido:

MP0116. Principios de mantemento electromecánico.

MP0264. Moda e tendencias.

MP0265. Patróns.

MP0267. Corte de materiais.

MP0268. Confección á medida.

MP0269. Confección industrial.

MP0270. Acabamentos en confección.

MP0271. Información e atención á clientela.

MP0272. Formación e orientación laboral.

MP0273. Empresa e iniciativa emprendedora.

MP0275. Materiais téxtiles e pel.

MP0274. Formación en centros de traballo.

#### Artigo 11. Espazos e equipamentos.

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo son os establecidos no anexo II deste decreto.
2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.
3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.
4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.
5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.
6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que esixan as máquinas en funcionamento.

O resto da regulación deste título se pode consultar no currículo descargándolo directamente da páxina web DE FP DA XUNTA DE GALICIA. <https://www.edu.xunta.gal/fp/familias-profesionais>

--

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PUNTADAS EN TECIDO		30	11
2	PUNTADAS EN PEL		30	11
3	COSTURAS E FORNITURAS EN TECIDO E PEL		20	11
4	PREPARACIÓN DE MÁQUINAS E PREVENCIÓN DE RISCOS		10	11
5	ARTIGOS A MAN EN TECIDO E PEL		15	11
6	ACCESORIOS DE MÁQUINAS, PARTES DE PEZA E COMPOSTURAS		25	12
7	FALDAS		45	11
8	PEZAS SUPERIORES		40	11
9	PANTALÓNS		35	11

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	PUNTADAS EN TECIDO	30

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.	NO
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO

#### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.
CA1.3 Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.
CA2.2 Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.3 Identificáronse os tipos de puntadas que se poden realizar na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.4 Realizouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.
CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
Posta a punto de equipamentos e máquinas.
Útiles e ferramentas da costura á man.
Puntadas realizadas á man: tipos e características. Normas UNE, grupo 200.
Costuras realizadas á man: tipos e características. Normas UNE.
Máquinas de coser para a confección á medida: puntadas grupos 100, 300, 400, 500, 600 e 800.
Puntadas e costuras a máquina na confección á medida: normas UNE.



**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	PUNTADAS EN PEL	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.	NO
RA2 - Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.	NO
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.
CA1.3 Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.
CA2.2 Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.3 Identificáronse os tipos de puntadas que se poden realizar na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.4 Realizouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.
CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Posta a punto de equipamentos e máquinas.

Contidos
Útiles e ferramentas da costura á man.  Puntadas realizadas á man: tipos e características. Normas UNE, grupo 200.  Costuras realizadas á man: tipos e características. Normas UNE.  Máquinas de coser para a confección á medida: puntadas grupos 100, 300, 400, 500, 600 e 800.  Puntadas e costuras a máquina na confección á medida: normas UNE.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	COSTURAS E FORNITURAS EN TECIDO E PEL	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.	NO
RA2 - Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.	NO
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.
CA2.2 Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.4 Realizouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.
CA2.6 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe na confección á man, co fin de garantir a calidade requirida.

Criterios de avaliación
CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Posta a punto de equipamentos e máquinas. Útiles e ferramentas da costura á man. Preparación de pezas e fornitureas para a costura á man, segundo a natureza, as características dos materiais e o lugar que vaian ocupar na peza. Preparación de pezas e fornitureas para a costura a máquina. Puntadas e costuras a máquina na confección á medida: normas UNE. Aplicación de fornitureas e adobios na confección á medida.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	PREPARACIÓN DE MÁQUINAS E PREVENCIÓN DE RISCOS	10

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.	NO
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a información e os manuais referentes ao funcionamento, a utilización e a posta a punto das máquinas de coser que se utilizan nos procesos de confección á medida.
CA1.4 Comprobouse o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.
CA1.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de coser.
CA1.6 Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método e precisión.
CA3.1 Recoñecéronse as máquinas, os equipamentos, os programas e os accesorios para a ensamblaxe.
CA3.2 Descríbironse as fases do manexo de máquinas de ensamblaxe na confección á medida.
CA3.3 Practicouse o acoplamento á cinemática da máquina de coser.
CA4.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección á medida.
CA4.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para a costura e acabamentos, na confección á medida.
CA4.4 Descríbironse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de confección á medida.
CA4.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA4.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do ámbito ambiental.
CA4.7 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Información técnica para o proceso.
Maquina de coser: estrutura e compoñentes.

Contidos
<p>Máquinas auxiliares (equipamentos de pasada, bordadoras, máquinas de ollais, etc.): estrutura e compoñentes.</p> <p>Cambio de agullas, de prensatecidos e de funís.</p> <p>Tensamento de correas e poleas.</p> <p>Sistemas de seguridade específicos: funcionamento e comprobación.</p> <p>Mantemento de primeiro nivel en máquinas e ferramenta de ensamblaxe en confección á medida: lubricación, engraxamento e limpeza das máquinas.</p> <p>Máquinas de coser para a confección á medida: puntadas grupos 100, 300, 400, 500, 600 e 800.</p> <p>Funcionamento de máquinas de coser: cinemática.</p> <p>Fases da confección a máquina: preparación, execución e evacuación.</p> <p>Normas de prevención de riscos.</p> <p>Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de ensamblaxe e remate na confección á medida.</p> <p>Elementos de seguridade implícitos nas máquinas de ensamblaxe e remate na confección á medida.</p> <p>Elementos externos de seguridade (luvas metálicas e lentes).</p> <p>Condições de seguridade do posto de traballo.</p> <p>Ergonomía na confección á medida.</p> <p>Limpeza e conservación das máquinas e do posto de traballo.</p>

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	ARTIGOS A MAN EN TECIDO E PEL	15

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.	NO
RA2 - Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.
CA2.1 Descríbense os procesos para a ensamblaxe por costura á man das pezas e dos artigos en téxtil e de pel.
CA2.2 Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.
CA2.4 Realizouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.
CA2.5 Realizáronse pequenos arranxos ou operacións manuais de costura en artigos e pezas de vestir.
CA2.6 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe na confección á man, co fin de garantir a calidade requirida.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Máquinas auxiliares (equipamentos de pasada, bordadoras, máquinas de ollais, etc.): estrutura e compoñentes.
Posta a punto de equipamentos e máquinas.
Útiles e ferramentas da costura á man.
Preparación de pezas e fornitureas para a costura á man, segundo a natureza, as características dos materiais e o lugar que vaian ocupar na peza.
Fases da costura á man: tipos, características e parámetros.
Cosido á man dun artigo ou dunha peza téxtil: técnicas. Fichas técnicas do proceso.
Cosido á man dunha peza de pel: técnicas. Fichas técnicas do proceso.
Calidade da costura á man: parámetros básicos; aplicación no uso; tipos e defectos máis comúns, as súas causas e as correccións aplicables.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	ACCESORIOS DE MÁQUINAS, PARTES DE PEZA E COMPOSTURAS	25

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.	NO
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.
CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.
CA3.7 Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Posta a punto de equipamentos e máquinas.
Cambio de agullas, de prensatecidos e de funis.
Composturas.
Preparación de pezas e fornituras para a costura a máquina.
Aplicación de fornituras e adobios na confección á medida.

Contidos
Cosido a máquina dun artigo ou dunha peza téxtil: tipos de arrastres, prensatecidos, agullas e fíos. Características e aplicacións.
Cosido a máquina dunha peza de pel: tipos de arrastres, prensatecidos, agullas, fíos, colas e adhesivos. Características e aplicacións.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	FALDAS	45

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.
CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.
CA3.7 Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.
CA3.8 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.
CA4.2 Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.
CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.



**4.7.e) Contidos**

Contidos
0Composturas.  Normas de calidade na costura a máquina na confección á medida: largura de costura, tipo de agulla, título de fio, densidade de puntada e tensión do fio.  Preparación de pezas e fornituras para a costura a máquina.  Aplicación de fornituras e adobios na confección á medida.  Acolchamentos e bordados.  Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de ensamblaxe e remate na confección á medida.  Ergonomía na confección á medida.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	PEZAS SUPERIORES	40

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.
CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.

Criterios de avaliación
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.
CA3.7 Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.
CA3.8 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.
CA4.2 Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.
CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
<p>0Composturas.</p> <p>Normas de calidade na costura a máquina na confección á medida: largura de costura, tipo de agulla, título de fio, densidade de puntada e tensión do fio.</p> <p>Preparación de pezas e fornitureas para a costura a máquina.</p> <p>Aplicación de fornitureas e adobios na confección á medida.</p> <p>Acolchamentos e bordados.</p> <p>Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de ensamblaxe e remate na confección á medida.</p> <p>Ergonomía na confección á medida.</p>

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	PANTALÓNS	35

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	NO

#### 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.4 Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.
CA3.5 Realizáronse costuras a máquina.
CA3.6 Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.
CA3.7 Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.
CA3.8 Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.
CA4.2 Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.
CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

#### 4.9.e) Contidos

Contidos
0Composturas.  Normas de calidade na costura a máquina na confección á medida: largura de costura, tipo de agulla, título de fío, densidade de puntada e tensión do fío.  Preparación de pezas e fornituras para a costura a máquina.  Aplicación de fornituras e adobios na confección á medida.  Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de ensamblaxe e remate na confección á medida.  Ergonomía na confección á medida.

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

RA1. Prepara máquinas e equipamentos de costura en confección á medida, e selecciona útiles e accesorios en función do produto que se desexe obter.

CA1.1. Interpretouse a información e os manuais referentes ao funcionamento, a utilización e a posta a punto das máquinas de coser que se utilizan nos procesos de confección á medida.

CA1.2. Preparáronse os utensilios, os accesorios e os materiais requiridos para a ensamblaxe á man na confección á medida.

CA1.3. Puxéronse a punto e preparáronse os equipamentos e as máquinas necesarias para o proceso de ensamblaxe a máquina na confección á medida.

CA1.4. Comprobouse o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.

CA1.5. Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de coser.

CA1.6. Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método e precisión.

RA2. Cose á man tecidos ou peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada, as ferramentas e os útiles seleccionados.

CA2.1. Descríronse os procesos para a ensamblaxe por costura á man das pezas e dos artigos en téxtil e de pel.

CA2.2. Seleccionáronse os tipos de útiles, accesorios e ferramentas que se utilizan na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.

CA2.3. Identificáronse os tipos de puntadas que se poden realizar na confección á man, segundo as características dos tecidos e das peles.

CA2.4. Realizouse a ensamblaxe por confección á man dos compoñentes téxtiles ou de pel.

CA2.5. Realizáronse pequenos arranxos ou operacións manuais de costura en artigos e pezas de vestir.

CA2.6. Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe na confección á man, co fin de garantir a calidade requirida.

RA3. Cose a máquina tecidos e peles en confección á medida, e xustifica o tipo de unión, a puntada e os accesorios en función do tipo de produto.

CA3.1. Recoñecéronse as máquinas, os equipamentos, os programas e os accesorios para a ensamblaxe.

CA3.2. Descríronse as fases do manexo de máquinas de ensamblaxe na confección á medida.

CA3.3. Practicouse o acoplamento á cinemática da máquina de coser.

CA3.4. Aplicáronse de puntadas de diversos tipos utilizando diferentes máquinas.

CA3.5. Realizáronse costuras a máquina.

CA3.6. Coséronse pezas e artigos, aplicando as puntadas e as costuras correspondentes.

CA3.7. Realizáronse arranxos de pezas de vestir (composturas) coa máquina de coser.

CA3.8. Revisáronse as operacións realizadas nos procesos de ensamblaxe, co fin de garantir a calidade requirida.

RA4. Cumpre as normas de prevención de riscos laborais nos procesos de confección á medida, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.

CA4.1. Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección á medida.

CA4.2. Operouse coas máquinas de costura e acabamento na confección á medida respectando as normas de seguridade.

CA4.3. Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para a costura e acabamentos, na confección á medida.

CA4.4. Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de confección á medida.

CA4.5. Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.

CA4.6. Identifícanse as posibles fontes de contaminación do ámbito ambiental.

CA4.7. Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

CA4.8. Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Os mínimos exixibles serán os contidos da programación para cada unidade didáctica.

Os criterios de avaliación mediante os instrumentos de avaliación determinados na programación serán o xeito de avaliar estes contidos.

Os instrumentos de avaliación serán TÁBOAS DE INDICADORES de realización dos criterios de avaliación de cada resultado de aprendizaxe.

Para a cualificación dos resultados de aprendizaxe utilizaranse unha serie de instrumentos en virtude da distinción entre contidos procedementais e resultados ou produtos realizados.

Terase en conta o rigor na súa execución, o seu grao de orde e limpeza na presentación, o interese amosado pola calidade do traballo final realizado, a cooperación e a boa relación co grupo, a creatividade e a iniciativa.

Procedementais: Valorarase a correcta execución dos exercicios e tarefas individuais, ponderando o tempo da súa realización, as intervencións nas postas en común das actividades, a autonomía, método e precisión na realización.

Conceptuais: Os contidos conceptuais valorarase mediante fichas técnicas e serán avaliadas en conxunto cos traballos prácticos. Tamén se poderan facer probas ou exames e traballos escritos para valorar os contidos conceptuais.

Resultados o produtos correcta realización, presentación e control de calidade.

Nos traballos para poder aprobar tanto nos instrumentos procedementais como nos resultados ou produtos e fichas técnicas a nota mínima ten que ser un 5 sobre 10.

De ser o caso se poden engadir o u trocar os traballos por probas escritas. Nestes caso, como no caso dos traballos, a nota mínima na proba ten que ser un 5 sobre 10 para aprobar.

A porcentaxe da cualificación :

Estará baseada nas porcentaxes dos criterios de avaliación de cada RA.

En cada traballo se sumarán estas porcentaxes en función das táboas de indicadores.

A nota de cada unidade será a media da nota obtida en cada actividade.

Cada unidade ten a súa porcentaxe na cualificación final, xa reflexada na programación.

1. A non presentación na data fixada desas tarefas e exercicios, implicará a non superación dos mesmos. Neste caso a nota máxima do traballo será un 4. Fará media igualmente co resto dos actividades da unidade e se contará no correspondente peso da unidade para poñer a nota da avaliación.
2. As tarefas deberán acadar os mínimos propostos para cada una delas, e obter unha cualificación mínima de 5 sobre 10. Se a tarefa non se presenta a nota será dun 0 na dita tarefa. Fará media igualmente coas outras tarefas das actividades de cada unidade..
3. Se o alumno non superase algunha tarefa ou exercicio, por non entregalo nas datas fixadas ou non acadar os mínimos establecidos, terá que entregar nas datas establecidas polo profesor ou en MARZO como máximo (antes da 2ª avaliación) a correspondente recuperación da tarefa ou facer a proba ou exercicio trimestral non superado.

As probas escritas que se realicen, estarán baseadas nos contidos e a súa calificación se realizará por medio de puntuación de 1 a 10.

Serán 10 preguntas ou un número similar de resposta curta, desenvolvemento e/ou de tipo test, e cada pregunta terá unha puntuación de 1 punto.

En caso de ser máis ou menos preguntas, se dividirá entre elas a puntuación.

Unha vez avaliados os traballos se entregarán ós alumnos para que os revisen. Unha vez revisados. o profesor os gardará até despois do remate de cada avaliación. Se devolverán definitivamente ós alumnos no principio da seguinte avaliación.

O profesor garda as copias en foto dos traballos para ter proba deles.

No caso dos exames ou probas, o profesor os gardará definitivamente, podendo os alumnos revisar a nota.

Para estas revisións o profesor entregará ós alumnos os traballos na clase, ou ben si o alumno o solicita tamén poderá falar co profesor na hora de tutoría.

A avaliación estará condicionada por:

- a. A falsificación ou copia nun exame ou proba escrita, sexa falando cun compañeiro, mirando cara a o exame doutro compañeiro, mediante o uso do tfo. móbil, ou de calquera outro xeito, será motivo de



suspense que só poderá ser recuperado nos exames finais nas datas establecidas.

b. Igualmente, a presentación de un traballo non realizado na súa totalidade ou en parte polo alumno responsable, será motivo de suspense que só poderá ser recuperado nos exames finais nas datas establecidas.

Os alumnos que teñan un nivel superior a media e desexen acadar unha nota mais alta, poderan facer mais traballos ou probas das mínimas esixidas para todos, e isto se terá en conta na nota.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizaranse actividades de recuperación atendendo as dificultades específicas presentadas polo alumnado e ós recursos dispoñibles. Estarán baseadas na insistencia nas tarefas non superadas ás que darase unha atención individualizada segundo as circunstancias de cada alumno. Realizaranse probas de recuperación de tipo teórico ou práctico, segundo proceda, así como os traballos ou exercicios que se consideren necesarios para a correcta e xusta avaliación dos contidos.

O alumno que non superase algunha ou a totalidade das probas avaliadoras realizadas nos trimestres (exames, traballos ou exercicios), terá no mes de marzo, (ou no momento que estime o docente) a posibilidade de presentarse a unha nova proba (exame, traballo ou exercicio) según proceda para recuperar o módulo.

Como na avaliación ordinaria, terase en conta o seguinte ao valorar os resultados:

Procedementais: valorarase a correcta execución dos exercicios e tarefas individuais, ponderando o tempo da súa realización, as intervencións nas postas en común das actividades, así como a resposta ás preguntas do responsable docente.

Terase en conta o rigor na súa execución, o seu grao de orde e limpeza na presentación, o interese amosado pola calidade do traballo final realizado, a cooperación e a boa relación co grupo, a creatividade e a iniciativa.

Conceptuais: Os contidos conceptuais valoraranse mediante fichas técnicas e serán avaliadas en conxunto cos traballos prácticos.

Resultados o produtos: correcta realización, presentación e control de calidade.

Para poder recuperar e necesario ter un 5 sobre 10 nos traballos prácticos e fichas técnicas, así como nos exames ou probas.

O módulo de FCT NON APTO.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

DOG Núm. 137 Mércores, 19 de xullo de 2023 Páx. 44139

<http://www.edu.xunta.gal/fp/ordenacion-academica-das-ensinanzas-fp#:~:text=Resoluci%C3%B3n%20do%206%20de%20xullo%20de%202023%2C%20da,formaci%C3%B3n%20profesional%20do%20sistema%20educativo%20no%20curso%202023%2F24>.

**Perda do dereito á avaliación continua**

1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización, funcionamento e convivencia.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna, ou ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal, de ser o caso, cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo, de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas, con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia acaden a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda deste dereito, na Secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

A comunicación ao alumnado, ou ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal, de ser o caso, poderase realizar empregando medios electrónicos. No caso de optar por unha comunicación por medios electrónicos, empregárase obrigatoriamente o sistema de información Abalar ou a aplicación AbalarMobil.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terán en consideración as sesións previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A cualificación obtida na proba final extraordinaria para o alumnado de segundo curso que pérdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo, dependendo do momento de realización desta proba, poderá consignarse na sesión de avaliación parcial previa á realización da Formación en centros de traballo (FCT) ou na avaliación final de módulos.

4. Segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión a estas ensinanzas, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.





A proba estará DIVIDIDA EN DUAS PARTES:

PARTE TEÓRICA CONTARÁ O 50% DA NOTA

Preguntas de tipo test ou desenvolvemento sobre calquera dos contidos do módulo.

PARTE PRÁCTICA CONTARÁ O 50% DA NOTA

Estará definida pola confección de prendas a medida e presentación das fichas técnicas correspondentes seguindo calquera dos contidos do módulo.

Na proba se poden incluír parte ou todos os contidos da programación do módulo e estará suxeita a todos os criterios de avaliación correspondentes.

A avaliación estará condicionada por:

A falsificación ou copia no exame ou proba, sexa falando cun compañeiro, mirando cara a o exame doutro compañeiro, mediante o uso do tñno. móbil, ou de calquera outro xeito, será motivo de suspenso que non terá posibilidade de recuperación, xa que é a proba final. O alumno/a terá que repetir o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase no CADERNO DO PROFESOR e na WEB de PROGRAMACIONES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- a. grao de cumprimento da calendario establecido
- b. logro dos obxectivos programados
- c. resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente obterase información a través de cuestionarios periódicos respondidos por cada alumno nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, as técnicas de avaliación, así como una valoración sobre os obxectivos acadados nas distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezar o curso, nos primeiros días de clase, se realizará unha avaliación inicial co fin de coñecer ben o tipo de alumnos obxecto do ensino e clasificar e adaptar a programación ao seu nivel. Consistirá nunha serie de preguntas sinxelas que versen sobre o Ciclo, así como os módulos que o compoñen. Pretendese así una aproximación ás habilidades e destrezas que posúen de base, a súa eventual experiencia en actividades relacionadas con o suxeito do ciclo e as expectativas individuais dos alumnos no ámbito profesional ligado a estes estudos. As nosas conclusións permitirannos una afinación dos noso contido, métodos, e nivel de exigencia.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na Formación Profesional o Reforzo Educativo e a Adaptación Curricular son elementos fundamentais de axuda para axustarnos ás necesidades particulares de cada alumno.

Terase en conta que:

-O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor titor, que coordinará a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do

Centro Educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo Equipo Docente do Ciclo.

-A adaptación curricular será necesario realizala cando un alumno non responda globalmente aos obxectivos programados. Propóranse medidas para cada dun deles e de xeito individualizado.

-Nas horas de titoría prestarase atención especial aos alumnos que necesiten axuda extra do profesor.

-Cando un alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, reforzaranse as actividades e, si el o demandase, propoñeránselle traballos sinxelos extraordinarios ata a súa reincorporación ao grupo no ritmo normal que sigue a clase.

-Reforzaránselle e axudaránselle para que no se sinta illado do grupo ó que pertence.

-No caso de alumnos que teñan un nivel superior a media, en ningún caso frearase a súa aprendizaxe, sino que se lle dará a posibilidade de realizar máis tarefas e exercicios, aumentando si cabe un pouco a complexidade dos mesmos co fin desenvolver o mellor posible o seu potencial durante o curso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como o respecto aos compañeiros, profesores, espazos comúns, aulas, talleres e material de traballo, potenciáranse a través de diferentes actividades. Do mesmo xeito, o respecto a toda persoa, as súas crenzas, raza, xénero, condición ou nacionalidade promoverase activamente durante todo o desenvolvemento do módulo. Os alumnos colaborarán en todas as actividades complementarias que propoña o Departamento (visitas a diferentes fábricas de calzado e marroquinería, museos, exposicións, charlas ou conferencias...).

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no I.E.S. e poidan levarse a cabo sen interromper o desenvolvemento da programación. O seu calendario repartirase nos dous trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da dita programación. Entre outras, actividades complementarias poderán ser:

- Visitas a empresas de calzado e marroquinería dentro e fora da Comunidade Autónoma
- Visitas a feiras téxtiles dentro e fora da Comunidade Autónoma, así como desfiles de moda e actos relacionados coa industria téxtil (confección, calzado ou marroquinería).
- Asistencia a charlas e conferencias de profesionais vinculados ó sector.
- Visitas a Museos...

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía

A metodoloxía maioritariamente será expositiva e demostrativa, aínda que nalgúns ocasións promoverase que o alumno investigue para así fomentar a súa autonomía. Realizaranse tres avaliacións, unha ó remate de cada un dos tres trimestres. A avaliación final de todo o curso realizarase no mes de xuño. Na segunda avaliación hay que ter aprobado este módulo e todos os demais, sénon non se pode acceder ao módulo de FCT.



## 10.2) Recursos

Para o desenvolvemento deste módulo empregaranse os recursos existentes no Centro Educativo: instalacións (aulas - taller), maquinaria e outros bens móbiles (ordenadores, máquinas de coser, mesas de corte...), materiais técnicos (tecidos, adhesivos, fíos...) e material docente e de estudo (libros, revistas técnicas...), Aula virtual.